

Este arquivo é unha presentación en pdf interactiva.

Mediante a botoeira situada na esquina superior dereita poderá avanzar, retroceder páxina e volver ao inicio.

Para saír da presentación prema a tecla "**esc**".

Para comezar, prema **aquí**.

22

MARATÓN FOTOGRAFICO do Campus Terra

22 MARATÓN FOTOGRAFICO do Campus Terra

20
setembro
2016





CONCELLO DE LUGO

Sra. Dna. Lara Méndez López
Excma. Sra. Alcaldesa do Concello de Lugo

Sra. Dna. Carmen Basadre Vázquez
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sr. D. Darío Campos Conde
Presidente da Deputación de Lugo

Sra. Dna. Pilar García Porto
Deputada da Área de Cultura, Deseño e Artesanía

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sr. D. Juan Víaño Rey
Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela

Sr. D. Javier Bueno Lema
Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo

Sra. Dna. M.ª do Carme Silva Domínguez
Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo

EXPOSICIÓN

Coordinación
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

Montaxe
ta ta ta

Comisario
Eduardo Ochoa

CATÁLOGO

Coordinación
Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social

Foto contraportada
M.ª Jesús Varela Pulpeiro

Deseño e maquetación
ta ta ta

Depósito legal
LU 216-2015

CRÉDITOS

- © Da edición, Lugo Cultural
- © Dos textos, os seus autores
- © Das fotos, os autores

O certame

Esta iniciativa, que se vén celebrando dende hai vintedous anos coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, configura unha das actividades máis consolidadas e exitosas das promovidas actualmente dende Lugo Cultural. Fotógrafos máis ou menos profesionais ou afeccionados de dentro e fóra da comunidade universitaria, participan habitualmente desta iniciativa que os leva a buscar durante unha xornada a imaxe que mellor resuma os temas propostos pola organización.

Nesta edición, que se desenvolveu durante a xornada do día 20 de setembro, **AS ÁRBORES**, na súa acepción máis ampla e como elemento transversal que conecta espazos urbanos e naturais, constituíron o tema, proposto polos organizadores, dun certame aberto a todos os públicos e que xa se ten consolidado como unha homenaxe á fotografía desde Lugo.

O foco das cámaras fotográficas das persoas que formalizaron a súa inscrición nesta cita percorreron rúas, barrios e bisbarras luguesas na procura de imaxes, paisaxes naturais ou simbólicas de árbores, ademais das de temática libre tal e como se contempla nas bases.

Os premiados

Logo de valorar a calidade e orixinalidade de todos os traballos presentados, o xurado decidiu outorgarlle:

Tema: *ÁRBORES*
premio **CARLOS VALCÁRCEL**
a **María Jesús Varela Pulpeiro** pola fotografía:
Árbore

Tema: *LIBRE*
premio a **José Marcos López Álvarez**
pola fotografía:

Familia terrícola morta por mor do lixo espacial

Á vista da calidade dos traballos, o xurado decidiu conceder tamén:

1º accésit á mellor fotografía do tema **ÁRBORES**
a **Patricia Fernández Pereira**
pola fotografía:

O pasar do tempo non é só un reloxo

2º accésit á mellor fotografía do tema **ÁRBORES**
a **José Marcos López Álvarez**
pola fotografía:

Árbore e a sombra dunha casa

Accésit á mellor fotografía do tema **LIBRE**
a **Breogán Alamancos Millán**
pola fotografía:

Mans

Exposición dos traballos

Na exposición dos traballos presentados a esta edición do Maratón, figuran tódolos galardoados e unha fotografía por cada autor participante. No acto de inauguración desta, na sala de exposicións da Capela de Santa María, o fotógrafo lucense Carlos Valcárcel, que da nome a un dos premios, Eduardo Ochoa do grupo Fonmiñá e os representantes de Lugo Cultural, son os encargados de facer pública a decisión do xurado e de entregarlles os premios e diplomas aos participantes.

O catálogo

Este catálogo recolle, ademais dos traballos premiados, unha selección representativa das fotografías presentadas ao certame organizadas por temas.



No marco de actuación do **Convenio LUGO CULTURAL**, no que participan a Universidade de Santiago de Compostela, o Concello de Lugo e a Deputación de Lugo coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, convócase o **XXII Maratón Fotográfico do Campus conforme ás seguintes**

BASES:

1. Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.
2. **Prazo de inscricións: ata as 14:00 h do día 19 de setembro de 2016.**
3. A data de celebración será o **20 de setembro**. Os participantes presentaranse o dito día **ás 10:00 h** na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, onde se procederá á: lectura dos temas, entrega de carretes ou CD (segundo modalidade) e ficha para que poidan presentar co título das fotografías e frase para incluír no catálogo, segundo se indica no punto 5.3. Ademais farase unha fotografía con todos os participantes co obxecto de incluíla no catálogo que se edite.
4. Cada participante poderá presentarse só nunha das dúas modalidades: **dixital** ou **analóxica**. Independentemente da modalidade, participarase **obrigatoriamente en dous temas**: un será proposto pola organización e o outro libre, debendo entregar **1 única fotografía por cada tema**. As fotografías poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor.

5. Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:

5.1. MODALIDADE **ANALÓXICA:**

5.1.1. O **21 de setembro ata as 14:00 h**: Entrega de carrete.

5.1.2. O **23 de setembro en horario de 10:00 a 13:00 h**: Os participantes deberán elixir as fotografías que queren presentar ao certame, a través da folla de contacto que lles facilitará a organización.

5.2. MODALIDADE **DIXITAL:**

5.2.1. O **21 de setembro ata as 14:00 h**: Entrega do CD.

5.2.2. No CD gravaranse as fotos en.jpg, cun máximo de 3.543 x 2.362 píxeles (equivalente a unha imaxe de 30 x 20 a 300 ppp). Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.

5.3. EN **ÁMBOS** DOUS CASOS:

O autor **PODERÁ** cubrir a ficha facilitada pola organización, cos títulos que decida darlle a cada fotografía e/ou, no seu caso, a frase correspondente para incluír no catálogo (20 palabras máximo, en galego).

6. As fotografías presentadas polos participantes, serán reveladas pola organización para a súa posterior valoración polo xurado.

7. **PREMIOS***:

- ◆ Premio *Carlos Valcárcel* á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 300 €, trofeo e diploma.
- ◆ Premio á mellor fotografía do tema libre dotado con 200 €, trofeo e diploma
- ◆ Expedirase un diploma acreditativo a tódolos participantes

8. A organización resérvase o dereito de facer a selección das fotografías que considere, co fin de expoñelas ao público no lugar e datas que se decida e, se é o caso, de editar en catálogo.

9. O lugar e data do fallo e da entrega de premios, será comunicado oportunamente.

10. O xurado encargado de fallar os premios será nomeado polos organizadores. A decisión do xurado será inapelable.

11. As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo referencia a autoría das mesmas.

Os participantes responsabilízanse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas así como de toda posible reclamación por dereitos de imaxe.

Calquera incidencia non prevista nestas bases, será resolta pola organización. O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases.

*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.

Este ano por vez primeira tiveron a oportunidade de participar no Maratón Fotográfico do Campus Terra, que leva celebrándose en Lugo vintedous anos de maneira ininterrompida e vincula, de maneira moi especial, a cidade coa institución universitaria. Como admirador da arte da imaxe, puideron observar e aprender moito das persoas que formaron parte desta experiencia, tanto dos e as participantes como dos e as compoñentes do xurado encargado de valorar as obras presentadas. Neste sentido, apreciei que a cámara é unha ferramenta que nos serve para expresar emocións e mostrar unha visión singular da realidade; a través dela conseguimos destacar visualmente detalles do noso arredor que doutro xeito pasarían desapercibidos, e provocamos, tamén, que estes perduren no tempo.

Lugo é unha cidade especial para a realización deste certame, pola súa beleza paisaxística e a riqueza do seu contorno natural. Nesta vixésimo segunda convocatoria, o tema proposto para optar ao premio “Carlos Valcárcel”, as árbores, ten a intención de resaltar este elemento da natureza, nexo integrador do Campus Terra, en cuxo logotipo está presente. O resultado conseguido foi espectacular: as fotografías amosaron, como esperabamos, unha gran diversidade na percepción do contorno, e as autoras e autores conseguiron a exposición perfecta de follas, troncos, ocos, sombras, vida...

Quero dar as grazas a todas as persoas que participaron no maratón, e transmitir os meus parabéns ás e aos galardoados. Cómpre tamén agradecer ás institucións que participan no convenio Lugo Cultural xunto coa USC, a Deputación de Lugo e o Concello da cidade, a súa presenza activa na celebración do maratón. Finalmente debo mencionar tamén a colaboración xenerosa e desinteresada dos integrantes do Grupo Cinematográfico Fonmiñá, cuxa contribución a que ano a ano este maratón fotográfico sexa unha realidade é impagable.

Andrés Barreiro Lois

Vicerreitor de Desenvolvemento Científico e Tecnolóxico do Campus de Lugo

Dende hai xa moitos anos, os outonos de Lugo teñen sabor a fotografía, grazas a esta maratón fotográfica que organiza o noso campus universitario, e que todos os anos nos regala con fermosas estampas da nosa cidade. Un nutrido grupo de persoas lánzase á caza da imaxe, do instante, do efecto de luz, de cor, de clarescuro, e todas elas experimentan a felicidade de capturar sempre algo máis ca unha forma, sempre tamén unha emoción, unha impresión subxectiva. Porque a fotografía artística é fundamentalmente emoción, coma calquera outra arte, unha emoción logo compartida entre a persoa que a crea e as persoas que a reciben.

Este Maratón Fotográfico do Campus Lucense é certamente un certame modesto, con premios modestos e cunha difusión densa pero fundamentalmente local. Mais con todo e con iso, é xa unha parte importante da vida cultural creativa da nosa cidade, unha cousa todos os anos esperada e para a que auguramos unha longa vida e moitos éxitos: é dicir, moitas fermosas fotografías que susciten a emoción do intre e que, co tempo, acaben enchendo de saudade a nosa memoria.

Carmen Basadre Vázquez

Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua

Como Deputada de Cultura, quero amosar a miña satisfacción por participar un ano máis neste proxecto do Campus Terra da USC. Este catálogo de imaxes, elaboradas polos 26 participantes da XXII edición do Maratón Fotográfico, amosan o resultado dunha xornada enteira dedicada á fotografía.

Considero necesario pór en valor este tipo de actividades, que fomentan o esforzo e empeño, e que ofrecen unha oportunidade, tanto a profesionais como afeccionados da fotografía, pertencentes ou non á comunidade universitaria, de achegarnos os seus traballos, amosándonos, desde distintas perspectivas, aspectos singulares das árbores da nosa provincia.

Quero agradecer a participación e implicación de todos os docentes da Área de Cultura do Campus Terra da USC, e traballadores do Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, que fan posible que a organización deste certame fotográfico sexa un éxito todo os anos.

Só me resta convidar a todas as persoas a que se acheguen a esta mostra na Capela de Santa María, xa que esta é unha moi boa oportunidade para dar a coñecer a riqueza artística da nosa cidade.

Pilar García Porto

Deputada de Cultura, Artesanía e Deseño

Un ano máis, sorprende a resposta obtida á proposta dun novo tema para o Maratón Fotográfico, nesta ocasión ÁRBORES. Para a súa elección, tivemos en conta a posibilidade de relacionar o urbano e a natureza, permitindo desenvolver diferentes estéticas e conceptos fotográficos, tanto no campo da figuración como da abstracción.

Esta edición, a número XXII, demostra o éxito do Maratón Fotográfico organizado polo campus universitario de Lugo e patrocinado polo Concello de Lugo e a Deputación Provincial.

Eduardo Ochoa



PARTICIPANTES NO XXII MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS
Fotografía: Ignacio Rodríguez

Tema: **ÁRBORES**

premio **CARLOS VALCÁRCEL**

a **M.ª Jesús Varela Pulpeiro** pola fotografía:

Árbore

1º Accésit xurado a

Patricia Fernández Pereira pola fotografía:

O pasar do tempo non é só un reloxo

2º Accésit xurado a

José Marcos López Álvarez pola fotografía:

Árbore e a sombra dunha casa



M^a. JESÚS VARELA PULPEIRO
Obra premiada: *Árbore*



PATRICIA FERNÁNDEZ PEREIRA
1º accésit xurado: *O pasar do tempo
non é só un reloxo*

O transcurrir do tempo, algunhas veces deixa
estragos e outras deixa cousas fermosas



JOSÉ MARCOS LÓPEZ ÁLVAREZ
2º accésit xurado: *Árbore e a sombra dunha casa*

Imaxe costumista. Xardíns da Deputación
de Lugo. Século XXI

Tema: **LIBRE**

premio a **José Marcos López Álvarez**

pola fotografía:

***Familia terrícola morta por mor
do lixo espacial***

1º Accésit xurado a

Breogán Alamancos Millán


pola fotografía:

Mans



JOSÉ MARCOS LÓPEZ ÁLVAREZ
Obra premiada: *Familia terrícola*
morta por mor do lixo espacial

Imaxe tomada dende o asteroide B-612



BREOGÁN ALAMANCOS MILLÁN
Accésit xurado: *Mans*



Tema: **ÁRBORES**

Traballos seleccionados



PILAR YÁÑEZ LOMBARDÍA
As árbores son vida. Cóidaas!!!

Árbore ornamental que ademais da sombra e descanso ás persoas que aí contan as súas historias nos momentos de lecer



ÓSCAR ABELLEIRA FERREIRÓS
Ramificacións

Árbore que se atopa no parque de
Rosalía de Castro de Lugo





ROSALÍA RODRÍGUEZ DOSIL
Os camiños da vida

TAMARA PÉREZ CASTRO
Irmandiños

As túas liberdades rematan cando
empezan as dos demais





ALBA FERNÁNDEZ MOURÍN
A vella árbore

Testemuña do paso do tempo

CARLOS ALBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Carballeira Love

"Poucas cousas hai tan grandiosas e fermosas como o
zoar das carballeiras cando o vento as agarima"
(Manuel María, 1977)





JAIME FUENTETAJA OLMOS
*A árbore (aínda) segue en pé a pesar
da man do home e do lume*



PABLO JOSÉ
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ



ISABEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Espirais de soños

Arboreda boreal nun recuncho



LUZ ARIAS GONZÁLEZ
Arrecendo das árbores

Sombras envolventes da larga exposición



SANDRA M.ª NEIRA TOURÓN
Psicólogos



Tema: **LIBRE**

Traballos seleccionados





BELÉN REIJA OTERO
Patos no parque



VANESSA GARCÍA VILLARES
Tenrura da terra



ROSA MARÍA PÉREZ MARTÍNEZ
Fundiciones Pardo


Todos estamos nos sumidoiros pero
algúns ollamos as estrelas



IAGO CONDE LONGO
A tranquilidade dun café

VALERIA GONZÁLEZ SAAVEDRA
O río Miño

O río Miño deixanos ver unha paisaxe
fermosa, mesturando a paz que transmite
a auga coa beleza da vexetación.





AMALIA GORGOSO PACIOS
Noite



MARÍA LÓPEZ DE LA CALLE
Bágoas no liño do cuco



LEDICIA
LÓPEZ RODRÍGUEZ



IVÁN MOURONTE BARREIRO
Laboratorio fotográfico dixital

Fotografía analóxica sobre o revelado dixital.
A tecnoloxía evoluciona pero os procesos seguen a ser os mesmos: captura e revelado.



VANESA RIVAS VILAR

Onde comen dous... comen tres

Quedei só, ela encontrume e non entendeu de cores



DIEGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
Pacendo

